

O III Torneo de verán 3x3 de Baloncesto Vila da Guarda será o sábado 22 de Xullo.



O sábado 22 de Xullo, dende ás 10 da mañá no na Pista deportiva do Centro Cultural, o Concello da Guarda, en colaboración de diferentes patrocinadores da vila, volve dar espazo na súa programación estival o torneo 3x3 de baloncesto "Vila Da Guarda". Este evento non sería posible sen a colaboración de As De Copas, As Pozas, Bar Floro, Bodegón Os Seixiños, Café JJ, Confeitaria Rogelio, Copy Quisqueya, Éxlico Concept Store, Foto-Verano, Hotel Celta - Novo Bar, Hotel El Molino, Joyería Royfe, Librería Atlántica, Librería Ler, Merca Vicente, Pady Sport, Peluquería Victor Pazos, Restaurante Area Grande, Restaurante Arruaz e Restaurante Gaviota.

DATA E LUGAR Celebrarase o sábado 22 de Xullo no **Centro Cultural de A Guarda** en caso de choiva trasladarémolo ao Pavillón do IES A Sangriña. Comezaremos o torneo o sábado ás 10 da mañá, estando programado o primeiro partido ás 10.30, momento no que tódolos participantes de tódolos equipos deben estar ali para a presentación do torneo.

INSCRICIÓNS DOS EQUIPOS O Torneo ten o límite de 10 equipos, formados por un mínimo de 4 e máximo de 5 persoas. Os equipos poderán ser indistintamente masculinos, femininos ou mixtos. O **custo da inscrición** será o de aportar unha bolsa de alimentos, para o banco de alimento do Concello da Guarda. Se algún equipo ou xogador non consegue o mínimo necesario para formar un equipo, por favor, infórmennos a través da páxina de Facebook disposto para o Torneo www.facebook.com/III-Torneo-3x3-De-Baloncesto-Vila-Da-Guarda ou envíen un correo electrónico a torneobaloncesto@hotmail.com.

O prazo de inscrición finaliza o Venres 21 as 10:00, non admitíndose inscricións fora do prazo. O método de inscrición é on-line, dende esta páxina: <https://www.formfy.com/form/6553855>